

XXVII CAMPIONATO PROVINCIAL DA CORUÑA

PAXARILES


5 maio 2024

AA.VV. O Val

Narón



STOP
VIOLENCIA
XÉNERO



EXCLUSIVO

PARA CAZADORES FEDERADOS



MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



Infórmate na túa sociedade,
nunha das oficinas da
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
ou na nosa web

www.federaciongalegadecaza.com



*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*



Federación Galega
de Caza
A Coruña



DEPORTE
GALEGO



MUTUASPORT



COLABORA



COMITÉ ORGANIZADOR

DON JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR

Presidente da Federación Galega de Caza en A Coruña.

DON MANUEL ÁNGEL CHAO PORTO

Presidente da Sociedade Deportiva “A Faísca”.

DON RICARDO DIAZ FERNANDEZ

Secretario da Sociedade Deportiva “A Faísca”.

DONA CRISTINA SANMARTÍN PORCA

Vicepresidenta da FGc Coruña (Área deportiva)

DIRECTOR DA COMPETICIÓN

DON MIGUEL ÁNGEL ARES ARES

XURADO DE COMPETICIÓN

Designarase o mesmo día no lugar da proba.

XUÍCES

Os Xuíces da proba serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da F.G.C.

REGULAMENTO

O Campionato rexerase polo vixente Regulamento da Federación Galega de Caza e Normas complementarias de Competicións da FGC, sendo requisito imprescindible estar en posesión da tarxeta federativa autonómica da FGC en vigor ou homologado pola F.G.C. Poderán participar aves descendentes da cría en cativeiro das aves silvestres identificadas con anelas pechadas e inscritas no rexistro das Federacións autonómicas de Caza.

PARTICIPACIÓN E INSCRIPCIÓNS

INSCRIPCIÓNS

As inscricións dos exemplares realizarase os días 29, 30 abril no whatsapp 639085249 en horario de 19:30h a 20:45h no local da Sociedade Deportiva “A Faísca”, sito na rúa Chousa da Pedra, O Couto (antigo colexio), en Narón (A Coruña).

O prezo é de 3,00€ por cada paxaro

PROGRAMA

DIA: 5 de maio de 2024

LUGAR: A Competición desenvolverase na Asociación de Veciños do Val no concello de Narón (A Coruña).

HORARIO

- **8:30h** – Concentración na Asociación de Veciños do Val no concello de Narón (A Coruña).
- **8:30 a 8:45h** - Precintado de exemplares.
- **9:00 h** - Comezo da competición: enxuízamento de exemplares.
- **13:00h** - Clausura da competición e entrega de premios.

O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohíbe a introducción e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estén a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.